



UNIVERSIDADE DE VIGO

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Claustro Universitario que tivo lugar o venres día **2 de decembro de 2005** no salón de actos da ETS de Enxeñaría de Telecomunicación e que poden ser do seu interese:

* O Claustro acordou por asentimento o seguinte texto sobre o borrador de modificación da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades:

O Claustro da Universidade de Vigo, na súa xuntanza ordinaria do 2 de decembro de 2005, diante da proposta de modificación da Lei Orgánica de Universidades presentada polo Ministerio de Educación y Ciencia, manifesta:

1. O seu recoñecemento ao feito de que se teña escollido para a xestión e tramitación da proposta unha vía participativa, o que permite recoller as opinións da comunidade universitaria sobre a lei vixente.
 2. A súa confianza na Autonomía Universitaria, polo que en todos os casos nos que o anteproxecto de reforma deixa abertas varias posibilidades, o Claustro recomende que se opte pola redacción que mellor salvagarde o exercicio pleno da Autonomía Universitaria. En particular, no artigo 20 recoméndase a opción A e nos artigos 62 e 63 a opción B.
 3. Non compartir a formulación específica dun modelo exclusivo de participación estudantil, o da proposta de texto a engadir ao artigo 46. O Claustro recomenda unha formulación máis aberta, que permita recoller diferentes vías de participación e representación estudantil.
 4. A súa preocupación porque a reforma poida non xerar oportunidades efectivas de acceso dos profesores Titulares de Escola Universitaria doutores ao corpo de Titulares de Universidade. Xa que logo, o Claustro insta ao Ministerio de Educación y Ciencia a que busque unha fórmula que dea mellor satisfacción a esta preocupación e se converta en estímulo eficaz para a carreira académica deste corpo de profesores.
 5. O seu interese en que conste expresamente na Lei a figura de profesor contratado doutor, aínda que a súa regulación se efectúe no ámbito das CCAA.
 6. Finalmente, o Claustro valora o esforzo que están levando a cabo as comisións sectoriais da CRUE e solicita que os seus traballos sexan tidos en conta antes de presentar un proxecto articulado definitivo no Parlamento.
- * Aprobación dos agrupamentos de centros que han de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador nas próximas eleccións ao Claustro Universitario
- * Cúbrese a seguinte vacante no Consello de Goberno: sector Decanos/Directores, D. Joaquín Sueiro Justel, Decano da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Vigo, 5 de decembro 2005
A Secretaria Xeral,

M^a Teresa Iglesias Randulfe